

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Preinscripción PAI

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Preinscripción PAI. CURSO 2019-2020

ANTECEDENTES

1 O Concello da Baña ten un Punto de Atención á Infancia (PAI), con permiso de inicio de actividade con data do 29/11/2013.

2. A actividade comezou o 18 de febreiro de 2014, curso escolar 2014/15.

CONSIDERACIÓNS

1 O Pleno do Concello da Baña aprobou o Regulamento de réxime interior e a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia na sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2013.

2 O Concello da Baña publicou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 37, de 24 de febreiro de 2014 a aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior e a Ordenanza reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia.

3. O artigo 7.3.D) do Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia do concello da Baña establece que o anuncio polo que se fai pública a resolución da Alcaldía sobre o prazo de reserva de praza, preinscripción e matrícula de usuarios/as do PAI para o curso publicarase no BOP, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello da Baña.

O mesmo Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña recolle no capítulo III o procedemento de adxudicación de prazas.

Recabouse o informe da Xunta de Goberno Local, pronunciándose en senso favorable en sesión do 28 de marzo de 2019.

De acordo con todo o indicado,

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto

Establecer o prazo e o procedemento de renovación, novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña para o curso 2019/20

Segundo. Requisitos para ser adxudicatario

- A idade mínima de novo ingreso establécese nos 3 meses na data de ingreso, agás aquelas situacións excepcionais que deberán estar acompañadas dos informes dos Servizos Sociais de atención primaria do Concello.

A idade máxima será de 3 anos e poderán permanecer no PAI aqueles menores que non teñan cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do ano anterior o que se presenta a solicitude. As crianzas que se incorporen ao 2º ciclo de educación infantil poderán permanecer no PAI ata o 31 de agosto do correspondente curso escolar.

- Poderá eximirse do límite de idade aos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo susceptibles de integración, logo do ditame conxunto da Dirección e do organismo competente do Concello.

- Para a renovación de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

Terceiro. Criterios de prioridade para a adxudicación das prazas.

1. Procedemento ordinario.

a) Renovación de praza

Os nenos e as nenas matriculados/as no PAI no curso 2018/19 terán dereito á renovación automática da súa praza, sempre que cumpran os requisitos do artigo 2.

Logo das reservas de praza anteriormente descritas, terán dereito a acadar praza no PAI as/os solicitantes con/cunha irmán /a con praza (renovada ou de novo ingreso) no PAI. Estas solicitudes presentaranse no prazo establecido ao efecto, xunto cun certificado acreditativo da Dirección do PAI que acredite a dita circunstancia e a documentación prevista no artigo 9.

A continuación, adxudicaranse prazas ás/aos menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar.

De haberen máis solicitudes que prazas ofertadas para a incorporación das crianzas con dereito ás prazas ofertadas nos puntos 2 e 3 farase a baremación entre as solicitudes de cada quenda para a súa adxudicación.

b) Novo ingreso

Criterios de prioridade para adxudicar as prazas:

- Aqueles/as nenos e nenas empadroados/as no concello da Baña e que acrediten que polo menos un dos proxenitores ou representante estea empadroado/a no mesmo domicilio.

- Os nenos e as nenas solicitantes con irmán ou irmá con praza no PAI (renovada ou de novo ingreso).

- De existir prazas vacantes, poderán acceder ao servizo as fillas e os fillos de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo nunha empresa con sede social ou órgano da administración que radique no concello da Baña. Esta situación deberá acreditarse cun certificado da empresa ou da institución correspondente.

- Persoas que teñan a súa residencia en concellos limítrofes co da Baña. Para isto será necesario achegar o certificado de empadroamento da crianza e de polo menos dun dos proxenitores ou representante legal.

- De non existir familias en lista de agarda, pódese admitir asistencias puntuais por motivos familiares tras o informe dos servizos sociais.

Unha vez adxudicadas as solicitudes correspondentes ás reservas de praza, as vacantes serán adxudicadas ás persoas solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo aprobado. Esta puntuación determinará a orde de relación na adxudicación de prazas.

No prazo de presentación destas solicitudes e a súa posterior baremación non serán incluídas as solicitudes previstas no seguinte apartado.

c) Prazas de emerxencia social:

Só poderán acceder a estas prazas, aquelas solicitudes dirixidas á Dirección do PAI e presentadas polos servizos sociais do concello ou polo departamento competente da Administración Autonómica. As ditas solicitudes poderanse presentar en calquera momento ao longo do curso escolar e de forma independente ao período de apertura de presentación de novas solicitudes.

Será o Concello da Baña o que decidirá o número de prazas mínimas e máximas de emerxencia social.

Terán a consideración de prazas de emerxencia social cando afectar a algún dos seguintes casos:

-menores tuteladas/os pola administración autonómica.

-fillas/os de mulleres que se atopen en casas de acollida ou vítimas de violencia de xénero.

-aquehoutros nos cales concorren circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata, tralo informe dos servizos sociais do concello ou o departamento da administración autonómica competente na materia.

A adxudicación ou denegación de praza nestes supostos será resolta pola Comisión de valoración (dirección do PAI e Técnicos dos Servizos Sociais) no prazo de 5 días contados a partir da data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen recaer resolución expresa a solicitude terase por desestimada.

2. Procedemento extraordinario.

Con carácter excepcional poderanse presentar solicitudes fóra do prazo establecido nos seguintes casos:

-nacemento, acollemento ou adopción da/o nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes

-cambio de concello de residencia da unidade familiar

-por existir prazas vacantes.

As solicitudes presentadas fóra de prazo deberán ir xunto coa xustificación acreditativa da circunstancia que as motiva.

Cuarto. Solicitudes e documentación

a) Renovación:

O impreso de solicitude e documentación que deben presentar entregaránlo no Punto de Atención á Infancia.

b) Novo ingreso:

A solicitude de novo ingreso farase segundo o modelo que se facilitará nos Servizos Sociais do Concello da Baña e será presentada nestes.

A solicitude debe ir acompañada da seguinte **documentación**:

1. Documentación acreditativa da situación familiar:

a) A fotocopia do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

b) A fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade das/os nais/pais ou representantes legais segundo proceda.

c) O título de familia numerosa.

d) No caso de nenas/os con discapacidade ou necesidades educativas especiais, os informes do Equipo de Valoración e Orientación das xefaturas territoriais da consellería competente na materia ou da Unidade de Atención Temperá segundo proceda.

e) O empadramento da crianza e dun dos proxenitores ou representante legal EXAMINARASE DE OFICIO polo concello.

f) Nos casos de non estar censado no Concello da Baña, pero algún dos proxenitores ou representante legal da crianza teñan os seus postos de traballo no municipio, achegarase o certificado da empresa ou da institución correspondente.

g) No caso de estar censado nun concello limítrofe ao Concello da Baña, o certificado de empadramento do concello do que procede.

h) A certificación correspondente no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou enfermidade que requira de internamento periódico ou padeza enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.

i) A condición de familia mono parental acreditarase con fotocopia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno-filiais.

j) Outros documentos se procederen, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais susceptibles de puntuación no baremo. O informe dos Servizos Sociais do Concello ou da Administración autonómica nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial en que viva a unidade familiar.

2 Documentación acreditativa da situación laboral ou de cursar estudos oficiais:

a) A copia da última nómina ou a xustificación da situación laboral no momento da solicitude con especificación da xornada laboral.

b) A certificación expedida polo SEPE acreditativa das prestacións percibidas, de ser o caso ou de estar inscrito como demandante de emprego.

c) No suposto de profesionais liberais e autónomas/os, o certificado expedido pola Administración estatal da Axencia Tributaria que acredite a alta no IAE e último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social ou o certificado da mutualidade profesional.

3. Documentación acreditativa da situación económica:

a) Copia da declaración do IRPF do exercicio anterior de todos os membros da unidade familiar, só no caso de non autorizar a consulta directamente polo Concello. Para o suposto de que non se teña presentada, a persoa interesada deberá asinarlle a correspondente autorización ao Concello para obter os datos de carácter tributario necesarios para determinar a renda da unidade familiar. Para ambos os efectos todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar deberán asinar a dita solicitude.

b) No suposto de percibir pensión, certificado expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou da administración autonómica pagadora desta.

c) Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio, considérase a renda de quen exerza a garda e a custodia do/a menor e a pensión compensatoria que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos/as fillos/as ao seu cargo.

No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada para o efecto.

A documentación citada anteriormente fará referencia ás circunstancias existentes no momento de abrir o prazo de renovación, novo ingreso e matrícula.

De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste artigo, poderase presentar un informe dos servizos sociais do concello correspondente. A falta de presentación dalgun destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita a ser valorado no apartado correspondente do baremo aplicable.

Cando se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, poderán presentar outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica, sempre e cando as variacións de ingresos supoñan unha diminución ou un incremento de máis do 20% no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude de praza, variacións que deberán ter unha duración dun mínimo de 4 meses para terse en conta.

En todo caso e conforme ao previsto no artigo da Lei 39/2015, os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que xa se encontren en poder do concello da Baña.

Quinto. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

Será dun mes a partir do día da publicación desta resolución no BOP

Presentaranse no rexistro xeral do Concello da Baña

Sexto. Tramitación dos expedientes

A) Tramitación da solicitude, baremación e listaxes.

Consonte o artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando a solicitude non reúna os requisitos regulamentariamente establecidos, requirirase á persoa interesada para que emende os erros ou a falta de documentos preceptivos nun prazo de 10 días hábiles e comunicarlle que, de non o facer, terase por desistida da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da expresada Lei.

As solicitudes serán obxecto de baremación por parte da Comisión de valoración formada por 2 persoas técnicas do departamento de servizos sociais que efectuarán a proposta inicial de persoas admitidas e de agarda, tendo en conta os criterios e o baremo de admisión que está publicado no Regulamento de Réxime Interior.

A relación provisional coa puntuación obtida de persoas admitidas e de agarda publicarase por acordo da Xunta de Goberno Local no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución das listaxes provisionais para a presentación das reclamacións no Rexistro Xeral do Concello. As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da listaxe definitiva.

No suposto de non presentaren reclamacións, as listaxes provisionais seranlle propostas á Xunta de Goberno Local como listaxe definitiva de persoas admitidas e listaxe de agarda, publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

B) Matrícula

1. A matrícula formalizarase a través do impreso normalizado que se facilitará nas dependencias de Servizos Sociais, aos que se lles achegará a documentación establecida no seguinte apartado e no que quedará constancia de entregar o RRI aos/ás pais/nais, titores/as das crianzas e o impreso asinado de confidencialidade dos datos conforme a LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, do que se lle entregará aos proxenitores e titores/a copia deste.

2. No momento da formalizar a matrícula será necesario presentar a seguinte documentación:

- A fotocopia cotexada da tarxeta de Seguridade Social ou documento equivalente.
- 6 fotografías tamaño carné.
- O impreso de domiciliación bancaria.
- As autorizacións que correspondan, o impreso de asignación de horarios, o impreso de domiciliación bancaria e o certificado da entidade bancaria de titularidade da conta.
- O informe de saúde nos casos en que a familia considere que debe ser coñecido polo persoal do centro.
- O resgardo bancario do pago dos 30€ en concepto de matrícula.

3. O prazo de matrícula será de quince días a partir do día da publicación da listaxe definitiva no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

C) Xestión das listaxes de agarda e cobertura de prazas vacantes

1. A listaxe de agarda resultante do proceso de baremación ordinario estará vixente ata que a modifique a Comisión de Valoración nas sucesivas baremacións.

2. Cando se oferte unha praza vacante, a persoa á que se lle adxudique segundo a súa situación na listaxe de agarda deberá formalizar a matrícula nun prazo de 3 días desde que reciba a comunicación pola que se lle oferte a praza a través do medio de notificación preferente sinalado na solicitude de pre inscrición.

Cando non se proceda a formalizar a matrícula no prazo anteriormente sinalado, darase por rexeitada a praza. O dito rexeitamento suporá a perda do posto acadado na listaxe de agarda e permitirá que o PAI chame a crianza que siga por orde de puntuación.

Excepcionalmente, non decaerá da listaxe de agarda aquela crianza que, sendo chamada para ocupar unha praza vacante, a rexeitase por non ofertárselle o horario demandado na solicitude de ingreso.

3. Para o suposto no que a crianza chamada para ocupar unha vacante, aceptase un horario distinto ao solicitado e con posterioridade ao seu ingreso se producise unha nova vacante con horario máis axustado á súa demanda inicial, terá dereito a que se lle oferte esta con carácter previo a un novo chamamento da listaxe de agarda.

4. De haber prazas vacantes despois do chamamento da listaxe de agarda, estas poderán ser cubertas por aquelas persoas solicitantes que presenten a súa solicitude con posterioridade ao prazo de preinscrición, serán chamadas por rigorosa orde de presentación da solicitude de novo ingreso.

A Baña, 8 de abril de 2019

O alcalde,

José Andrés García Cardeso

2019/2754